



BarbanTEA

A SOCIACIÓN
DE **T** RASTORNO
DO **E** SPECTRO **A** UTISTA
DO **B** ARBANZA

ÍNDICE

- QUE É BARBANTEA
- TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA – TEA
- A IMPORTANCIA DA INCLUSIÓN
- A DIVERSIDADE
- QUE OFRECE BARBANTEA
- MOSAICO DE ACTIVIDADES
- COLABORADORES DE EVENTOS
- FAITE COLABORADOR

QUE É BARBANTEA

Somos unha asociación que pretende asesorar e prestar **apoio** a persoas que teñen que convivir co espectro autista, **informando** dos pasos a seguir despois do diagnóstico. Impartimos **formación** para afrontar o autismo e aprender a vivir con el. Ademais traballamos en **visibilizar** e **normalizar**, para que cada vez máis persoas coñezan, entendan e comprendan algo máis sobre esta condición de vida.

O noso ámbito de actuación é a comarca do Barbanza, realizamos actos e actividades por todos os concellos pertencentes á mesma, colaboramos con entidades locais e acompañamos ás familias para defensa dos intereses e necesidades das persoas TEA ante administracións e entidades.



O TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA - TEA

O autismo é unha condición neurolóxica que afecta a maneira en que unha persoa percibe o mundo e comunicarse cos demais. Trátase dun espectro, o que significa que abrangue unha ampla variedade de características e habilidades. Entender o autismo como unha forma de vida permítenos apreciar a diversidade humana e fomentar un entorno de conciencia e respecto.

O termo "espectro" utilízase porque o autismo maniféstase de formas moi diversas en cada individuo. Algunhas persoas poden requirir apoio intensivo, mentres que outras son capaces de levar unha vida independente. As características comúns do autismo inclúen:

- **Dificultades na comunicación social:**
 - As persoas autistas poden ter problemas para interpretar a linguaxe non verbal, como xestos e expresións faciais.
- **Intereses e comportamentos repetitivos:**
 - Poden mostrar un interese intenso en temas específicos ou realizar accións repetitivas.
- **Sensibilidade sensorial:**
 - A hipersensibilidade ou hiposensibilidade a estímulos como sons, luces ou texturas é común.



A IMPORTANCIA DA INCLUSIÓN

Abrazar o autismo como unha forma de vida implica a creación de contornos inclusivos que respeten e valoren as diferenzas. A inclusión non só beneficia ás persoas autistas, senón que tamén enriquece á sociedade no seu conxunto. Aquí hai algunhas formas de promover a inclusión:

- **Educación e concienciación:**
 - Informar a comunidade sobre o autismo axuda a reducir o estigma e fomenta a empatía.
- **Adaptacións no contorno:**
 - Axustes sinxelos no ambiente laboral ou educativo poden marcar unha gran diferenza para as persoas con autismo.
- **Apoio individualizado:**
 - Ofrecer recursos segundo as necesidades de cada individuo.





A DIVERSIDADE

Ver o autismo como unha forma de vida invítanos a celebrar a diversidade e recoñecer as habilidades únicas que cada persoa achega. Moitas persoas autistas destacan en áreas como as matemáticas, a música, a arte e a tecnoloxía, converténdose en valiosos membros da sociedade.

En conclusión, o autismo é máis que un diagnóstico; é unha forma de vida que merece ser entendida e respetada. A través da educación, a inclusión e o apoio, podemos construír un mundo onde todas as persoas, independentemente das súas diferenzas, poidan prosperar.

QUE OFRECE BARBANTEA

APOIO

Énchenos de orgullo ser a voz daqueles que a miúdo se enfrontan a barreiras e desafíos no seu día a día. Traballamos incansablemente para garantir que os seus dereitos e necesidades sexan recoñecidos e respetados en todos os niveis, xa sexa ante administracións locais, rexionais ou entidades públicas e privadas.

O noso obxectivo é asegurar que as persoas autistas teñan acceso aos servizos, recursos e oportunidades que merecen. Actuamos como defensores comprometidos, avogando por políticas inclusivas e medidas que promovan a súa plena participación na sociedade. Ao unir forzas con persoas e organizacións afíns, fortalecemos a nosa capacidade para impulsar cambios significativos e crear unha contorna máis receptiva e comprensiva para todas e todos. Xuntos, avanzamos cara a un futuro onde cada individuo, independentemente da súa condición, teña a oportunidade de acadar o seu máximo potencial.

COÑECEMENTO

Grazas á colaboración de concellos e empresas, realizamos numerosas charlas de asesoramento e información para que as persoas que afrontan o diagnóstico e coidadores adquiren ferramentas que axuden a anticipar conductas e como actuar no caso de desregulación da persoa TEA.

Profesionais de gabinetes de psicoloxía e psicopedagogía especializados neste tipo de neurodiversencia son os que marcan pautas xerais e prestan consello ós asistentes.

DIVULGACIÓN

Non é labor suficiente informar e formar ás persoas autistas, tan importante coma isto é formar ás persoas normotípicas da existencia destas neurodiversencias que forman parte da nosa sociedade.

Con estas actividades búscase amosar que é unha labor moi sinxela facilitarlle a vida a estas persoas, só temos que ter en conta algúns aspectos a coñecer para poder xestionar diversas situacións e comportamentos.





Xuntanzas entre adolescentes
dentro do espectro.
28 de marzo. Boiro.

Reis Magos INCLUSIVOS

BarbanTEA

LOCAL LEÑAVERDE
CENTRO SOCIAL DE BOIRO

5 DE XANEIRO
11:30-13:30

Sen cans e sen ruidos inesperados.

Colaboran:

SERDECO
SERVICIOS

DOEZOS

BOIRESA
PROXECTOS INICIATIVAS E PROXECTOS INICIATIVAS

ANIMADA S. COOP. GALEGA
TRABALLOS FORESTAIS

CONCELLO DE BOIRO

REBECA OZORES
CLINICA STELLA

ASOCIACIÓN DE TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA DO BARBANZA

BarbanTEA

O humano está na diferenza.

HABERÁ SERVIZO DE CANGURAXE

CHARLA DE PRESENTACIÓN PARA FAMILIAS E PERSOAS DENTRO DO ESPECTRO

SÁBADO
22 XUÑO, 10:30

CENTRO SOCIAL DE CABO DE CRUZ

LUGAR PESQUEIRA, 41. 15939. A CORUÑA

BarbanTEA
Rúta Verde de Boiro
Rúa Manuel Vique 1, 2ºB.
15100 Boiro, A Coruña

921 217 937
info@barbantea.org

TARDEA CON BarbanTEA
Conversa, consellos e café.

Con servizo de canguraxe

A ansiedade, a frustración e a ira nos nenos e nenas autistas.
Xestión no entorno familiar

Con:

- **Sandra Fernández Caamaño** - Directora e psicóloga sanitaria en Centro NeuralMente.

Local social das Escolas Vellas de Asados (Rianxo).
Rúa Atalaia s/n

26 de outubro
19:00

Organiza Colaboran

BarbanTEA ANPA Rianxo

TARDEA CON BarbanTEA
Conversa, consellos e café.

"O seu fill@ é autista".
E agora, que?
Pasos despois dun diagnóstico de TEA.

Con:

- **Marisol García Penalta** - Xerente de ASPERGA.
- **Inés López Pais** - Coordinadora do centro de ASPERGA de Santiago de Compostela.

Sala de usos varios. 2º andar.
Centro Social de Boiro.

20 de setembro
19:30

Organiza Colaboran

BarbanTEA ASPERGA CONCELLO DE BOIRO

TARDEA CON BarbanTEA
Conversa, consellos e café.

NON habrá servizo de canguraxe

O autismo na adolescencia.

Con:

- **Noemí Noya** - Educadora Social especializada en autismo dende o paradigma da neurodiversidade.

Centro Lustres Rivas. Sala de conferencias
Rúa Lustres Rivas 20. Ribeira

22 de novembro
19:00

Organiza Colabora

BarbanTEA Concello de Ribeira

TARDEA CON BarbanTEA
Conversa, consellos e café.

Con servizo de canguraxe

Autismo e TDAH.
Unha comorbilidade común

Con:

- **Ana Fátima Gómez Suárez**, Neuropsicóloga clínica, Experta Universitaria en TDAH, membro do padroado da Fundación INGADA.

Aula Usos múltiples
CPI Cernadas de Castro.
A Silva s/n (Lousame).

21 de febreiro
18:00 - 20:00

Organiza Colaboran

BarbanTEA ANPA ALCEM CPI PLURILINGÜE CERNADAS DE CASTRO Concello de Lousame

MOSAICO DE ACTIVIDADES



MOSAICO DE ACTIVIDADES



COLABORADORES DE EVENTOS



COLABORADORES DE EVENTOS



COLABORADORES DE EVENTOS



PROTAGONIZA UN EVENTO

- **CHARLA**

- Realizamos moitas charlas anuais para as cales debemos costear os honorarios dos profesionais que a imparten e o servizo de canguraxe para facilitarlle ás familias a asistencia.

- **ANDAINA**

- Neste caso debemos facernos cargo de seguros de responsabilidade civil, aprovisionamento, son, carpas, dorsais, programas de inscrición, espectáculos, ...

- **ACTIVIDADE**

- Se tes algunha idea e a queres levar a cabo fáinolo saber.

- **FORMACIÓN**

- Para facilitar a inclusión das persoas con TEA realizamos cursos de formación para monitores deportivos, coidadores e familias.

REALIZA UNHA DOAZÓN

- Grazas ó teu apoio podemos materializar proxectos e mellorar os servizos que ofrecemos.

FAITE SOCIO

- Para crecer como asociación resulta vital ter unha base de socias e socios sólida que nos permita acceder a axudas e ter voz ante as administracións e entidades na defensa dos dereitos das persoas TEA.